



ABORDAXE SOCIAL DAS CONDUCTAS SUICIDAS EN PERSOAS TRANS. UNHA REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA NARRATIVA

**ABORDAJE SOCIAL DE LAS CONDUCTAS SUICIDAS EN PERSONAS TRANS. UNA
REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA NARRATIVA**

**SOCIAL APPROACH TO SUICIDAL BEHAVIORS IN TRANS PEOPLE. A NARRATIVE
LITERATURE REVIEW**

Alba Muñiz Sevares – Traballadora Social

Albamunz333@gmail.com

Premio Día Mundial do Traballo Social 2025

Modalidade TFG/TFM

RESUMO

O suicidio é a primeira causa de morte non natural en España, e constitúe unha problemática social que require dunha atención especializada e dunha resposta integral, sobre todo no colectivo das persoas trans, debido a diversos factores sociais, psicolóxicos e de saúde que condicionan o benestar desta minoría. Débense abordar estes factores que inflúen na ideación e risco de suicidio, promovendo a inclusión, a aceptación e a igualdade de dereitos e oportunidades, de xeito que se poida previr de forma precisa esta cuestión.

Esta revisión bibliográfica pretende analizar a literatura científica referente ao suicidio e ás condutas suicidas en persoas trans desde o ámbito do Traballo Social, explorar a evolución científica desta temática, así como analizar os factores asociados á aparición destas condutas e o papel das traballadoras sociais e dos traballadores sociais na intervención con estas condutas para previr a súa aparición. Chégase á conclusión de que as persoas trans asumen un maior risco de suicidio que a poboación xeral, debido á discriminación e estigmatización ás que se enfrontan, así como á falta de servizos e intervencións axeitadas e adaptadas ás súas necesidades, enfatizando a necesidade de deseñar estratexias de prevención desde unha perspectiva multidisciplinar.

PALABRAS CHAVE

Suicidio; Prevención; Personas trans; Transexualidade; Trabajo Social

RESUMEN

El suicidio es la primera causa de muerte no natural en España, y constituye una problemática social que requiere de una atención especializada y una respuesta integral, sobre todo en el colectivo de las personas trans, debido a diversos factores sociales, psicológicos y de salud que condicionan el bienestar de esta minoría. Se deben abordar dichos factores que influyen en la ideación y riesgo de suicidio, promoviendo la inclusión, la aceptación y la igualdad de derechos y oportunidades, de manera que se pueda prevenir de manera precisa sobre esta cuestión.

Esta revisión bibliográfica pretende analizar la literatura científica referente al suicidio y a las conductas suicidas en personas trans desde el ámbito del Trabajo Social, explorar la evolución científica de esta temática, así como analizar los factores asociados a la aparición de estas conductas y el papel de las trabajadoras sociales y los trabajadores sociales en la intervención con estas conductas para prevenir su aparición. Se llega a la conclusión de que las personas trans asumen un mayor riesgo de suicidio que la población general, debido a la discriminación y estigmatización a la que se enfrentan, así como a la falta de servicios e intervenciones adecuadas y adaptadas a sus necesidades, enfatizando en la necesidad de diseñar estrategias de prevención desde una perspectiva multidisciplinar.

PALABRAS CLAVE

Suicidio; Prevención; Personas trans; Transexualidad; Trabajo Social.

ABSTRACT

Suicide is the leading cause of non-natural death in Spain, and it constitutes a social issue that requires specialized attention and a comprehensive response, especially within the transgender community, due to various social, psychological, and health factors that

impact the well-being of this minority. It is necessary to address these factors that influence suicidal ideation and risk, promoting inclusion, acceptance, and equal rights and opportunities, in order to effectively prevent this issue.

This literature review aims to analyze the scientific literature regarding suicide and suicidal behaviors in transgender individuals from the field of Social Work. It seeks to explore the scientific evolution of this subject matter and examine the factors associated with the emergence of these behaviors, as well as the role of social workers in intervening to prevent their occurrence. It concludes that transgender individuals face a higher risk of suicide than the general population, primarily due to the discrimination and stigmatization they face, as well as the lack of appropriate and tailored services and interventions to meet their needs. It emphasizes the need to design prevention strategies from a multidisciplinary perspective.

KEYWORDS

Suicide; Prevention; Transgender persons; Transsexuality; Social Work.

INTRODUCCIÓN

O suicidio é unha problemática social que ten as súas orixes na prehistoria, onde se entendía como o paso dunha vida a outra; os primeiros rexistros desta conduta datan do ano 2.000 a.C., nun poema chamado “Diálogo do desesperado da vida coa súa alma”, escrito no Imperio Medio Exipto (Guerrero, 2019). Na antigüidade, na maioría das sociedades considerábase unha conduta aceptada, pero é durante a Grecia Clásica cando se comeza a dotar dunha contemplación negativa (Ochoa e Vicente, 2007).

Segundo o Instituto Nacional de Saúde Mental (2021) (en adiante, INSM), enténdese por suicidio como o acto de facerse dano a un ou unha mesma co obxectivo de rematar coa propia vida. Por outra banda, a American Psychiatric Association (2023) (en adiante, APA), define o suicidio como o feito de quitarse premeditadamente a vida.

Durante o ano 2021, en España producíronse un total de 4.003 defuncións por suicidios, correspondéndose este número con 2.982 homes e 1.021 mulleres, é dicir, co

74,5% e 25,5% do total, respectivamente (Instituto Nacional de Estadística, 2021); este dato equivale a unha media de 11 suicidios ao día (Fundación Española para a Prevención do Suicidio, 2021). Con respecto ao ano 2020 e se se compara co ano 2021, esta cifra viuse incrementada nun 1,6%; é a cifra máis alta rexistrada historicamente en España desde o ano 1996, no que comezan a rexistrarse estes datos (Fundación Española para a Prevención do Suicidio, 2021). Durante o primeiro semestre de 2022, rexistráronse un total de 2.015 suicidios en España, correspondéndose cun 5,1% máis que durante o mesmo período do 2021 (Instituto Nacional de Estadística, 2022). O suicidio é a primeira causa de morte externa en España (Instituto Nacional de Estadística, 2022), situándose Barcelona como a provincia con máis suicidios no ano 2021; baseándonos no número de suicidios por cada 100.000 habitantes, situaríase á cabeza a provincia de Lugo, cun índice de 15,6 persoas por cada 100.000 habitantes (Plataforma Nacional para o Estudo e a Prevención do Suicidio, 2021).

Porén, se nos centramos na temática de estudo, e en base á pertinencia social desta revisión bibliográfica, o colectivo LGTBI+ amosa maiores taxas de suicidio que as persoas que non pertencen a este; a discriminación, o acoso, as diferenzas, entre outros, son algúns dos numerosos factores que poden condicionar a aparición de condutas suicidas. Esta investigación céntrase no colectivo trans, ao que pertencen aquelas persoas cuxa identidade de xénero, expresión de xénero ou conduta non se axustan ao sexo que teñen asignado ao nacer (American Psychological Association, 2013). A discriminación e diversas formas de violencia vivenciadas polas persoas que pertencen a este colectivo, evidentemente, están relacionadas coa afectación a nivel social e de saúde mental que pode chegar a ter sobre as persoas pertencentes a este colectivo, propiciando a aparición de ideacións e condutas suicidas, e por iso, debe actuarse desde marcos de intervención especializados para estas persoas, de maneira que se reduza notoriamente esta problemática. É fundamental proporcionar a este colectivo unha atención integral social, psicolóxica e médica axeitada ás súas necesidades, co fin de reducir a vulnerabilidade psicosocial á que están expostas estas persoas, aumentar o apoio emocional e social que reciben, e previr e educar en saúde, de tal maneira que o risco de suicidio e/ou aparición de condutas suicidas destas persoas sexa o mínimo posible.

Por outra banda, en canto á pertinencia profesional, as traballadoras e traballadores sociais teñen un papel fundamental nesta intervención co suicidio no colectivo trans, grazas á súa formación e competencias profesionais. No caso do suicidio, as/os traballadoras/es sociais poden identificar factores de risco e desenvolver plans de intervención que aborden as necesidades das persoas deste colectivo, e tamén traballar na prevención do suicidio a través do fomento da resiliencia, da autoestima e da autonomía persoal. Ademais, no trato coas persoas trans, as/os traballadoras/es sociais ofrecen apoio e acompañamento nos procesos de transición, como intervencións de prevención da discriminación e a estigmatización mediante a educación, a promoción da inclusión social e a igualdade de dereitos.

Por último, cando se fala da pertinencia teórica desta temática a investigar, é salientable sinalar que se afonda maioritariamente nela desde disciplinas como a psicoloxía, poñendo o punto de atención na saúde mental deste colectivo, en investigacións como a de Chinazzo et al. (2021), onde, en base a tres dimensións do estrés por minoría, estudan a prevalencia dos síntomas depresivos, ideación suicida e tentativa de suicidio en persoas trans; ou en revisións sistemáticas como a de Wolford-Clevenger et al. (2018), quen sinalan a necesidade de aplicar teorías que nos fagan comprender e identificar aqueles factores esenciais nos que intervir ante estas situacións, investigando desde a ideación suicida á propia acción. Ademais, esta temática tamén foi estudada desde a medicina, por autores como Atkinson e Russell (2015), quen realizaron unha guía para familiarizar os médicos xerais no trato con persoas trans que presentan disforia de xénero. Porén, desde a disciplina do Traballo Social son poucas as investigacións que se atopan centradas nesta temática, deixando a un lado este colectivo ou sinxelamente, centrando a intervención co suicidio na sociedade xeral, cando é máis que evidente a necesidade de actuación neste ámbito na actualidade, dando sentido á finalidade desta revisión bibliográfica.

1. ESTRATEXIA METODOLÓXICA

1.1. Tipo de revisión bibliográfica

Seguindo a Ferrari (2015), pódese dicir que esta revisión bibliográfica é de tipo narrativo, a cal pretende identificar e resumir contido previamente publicado, evitando os

duplicados e definindo cales son aquelas áreas nas que hai menor cantidade de estudos sobre unha temática en específico; así mesmo, esta revisión é teórica, posto que pretende identificar e describir novos conceptos ou redefinir os que xa existen. Os obxectivos deste tipo de estudo son informar sobre a situación dunha temática, transmitir novos coñecementos, coñecer a tendencia entre diversas investigacións, entre outros fins (Fortich, 2013).

Polo tanto, preténdese facer unha análise desde un punto de vista social do suicidio ou das condutas suicidas nas persoas trans, analizando a prevalencia deste fenómeno neste colectivo e como se pode traballar desde o Traballo Social con esta problemática. Así mesmo, analizaranse aqueles factores que presentan as persoas trans que son predispoñentes a derivar neste tipo de condutas autolíticas.

1.2. Obxectivos

A seguinte investigación ten como obxectivo xeral:

- Analizar a literatura científica referente ao suicidio e ás condutas suicidas, relacionándoas coa poboación trans desde o ámbito do Traballo Social.

Por iso, como obxectivos específicos, establécense os seguintes:

- Explorar a evolución científica sobre o tema a estudar.
- Analizar os factores asociados ás condutas suicidas e/ou autodestrutivas nas persoas deste colectivo.
- Analizar o papel das traballadoras sociais e traballadores sociais na intervención con condutas suicidas en persoas trans.

1.3. Criterios de selección

Á hora de facer a busca de literatura utilizáronse os seguintes criterios:

Criterios de inclusión:

- Literatura científica relativa ao suicidio nas persoas trans.
- Artigos de investigación de metodoloxía cuantitativa, cualitativa e mixta.
- Revisións sistemáticas e narrativas relacionadas coa temática.

- Literatura científica sobre o papel do Traballo Social no traballo con persoas trans que presentaron tentativa autolítica.

Criterios de exclusión:

- Libros, resumos de libros, artigos de opinión, Traballos de Fin de Grao, Traballos de Fin de Máster e Teses Doutorais.
- Artigos que falan do colectivo LGTBI en xeral, sen tratar exclusivamente o colectivo de persoas trans.

1.4. Estratexia de busca

Para a realización desta revisión bibliográfica utilizáronse tres bases de datos diferentes: Dialnet, Scopus e PubMed.

A data da última busca de información data do 14 de abril de 2023. Para a busca en cada unha destas bases de datos, fixose uso de operadores booleanos (AND, OR/Y, O), parénteses e comiñas, combinando diferentes palabras clave relacionadas co ámbito a estudar, tanto en inglés como en español. Ademais, tivéronse en conta os criterios de selección mencionados anteriormente. Cabe destacar que, nun primeiro momento, ían utilizarse diferentes filtros como, por exemplo, que os artigos estivesen en inglés ou español, que fosen de determinadas disciplinas, ou que fosen artigos de acceso gratuíto, pero isto supoñía unha gran limitación á hora de obter resultados, xa que moi poucos cumprían todos os requisitos, polo que se optou por non utilizar ningún.

Táboa 1

Resultados de busca nas bases de datos

Termos de busca	Bases de datos					
	Dialnet	Scopus	PubMed	RB	RC	RT
(suicide OR "suicide attempted" OR "suicidal ideation" OR "suicide prevention" OR "suicidal behavior") AND "social work" AND (trans OR "transgender persons" OR transsexuality)	0	5	38	43	39	39
(suicidio O "intento de suicidio" O "ideación suicida" O "prevención del suicidio" O "comportamiento suicida") Y "trabajo social" Y (trans O "personas transgénero" O transexualidad)	0	0	0	0	0	0
						39

Nota: 'RB' significa 'resultados tras busca' 'RC' significa 'resultados tras criterios' e 'RT' significa 'resultados totais'.

Tras realizar a primeira busca nas bases de datos, e sen aplicar criterios de selección, contamos cun total de 43 artigos (5 da base de datos Scopus e 38 de PubMed). Cabe destacar que non se atopou ningún artigo na base de datos Dialnet, e que a ecuación de busca en español non reflicte ningún resultado en ningunha das tres bases de datos utilizadas, pese a non ter feito uso de filtros en ningunha das buscas.

Despois procedemos a eliminar aqueles artigos que non compren cos criterios de selección, que son 4, polo que nos quedaríamos con 39 artigos.

Como xa se mencionou anteriormente, a materia abordada é un tema de gran repercusión social na actualidade, e pese a iso, existe unha gran carencia de investigacións ao respecto desde o ámbito do Traballo Social. Si é verdade, que nunha primeira busca *grosso modo*, atopáronse numerosas investigacións relacionadas coa temática, pero non con todas as palabras clave/DeCS ou keywords/MeSH entre si; é dicir, publicáronse estudos abordando o suicidio da poboación en xeral desde o traballo social, e do suicidio en persoas trans, pero desde disciplinas alleas, como, por exemplo, a psicoloxía ou a medicina, situación que xa foi advertida e xustificada na pertinencia teórica desta revisión.

Finalmente, descartáronse 6 artigos debido a non poder acceder aos mesmos, por atoparse unicamente dispoñibles en plataformas de pago, quedándonos con 33 artigos para realizar a revisión.

1.5. Procedemento de tratamento e recollida de datos

Para a organización dos datos recollidos, realizouse un documento de Microsoft Excel no que se expuxeron todos os resultados das buscas. Tras unha lectura minuciosa dos artigos detectouse que había un duplicado, polo que pasamos a contar con 32 artigos; así mesmo, descartáronse 4 artigos, xa que, tras a súa correspondente lectura, comprobouse que finalmente non cumprían cos criterios de selección mencionados anteriormente, quedándonos con 28 artigos para elaborar a revisión bibliográfica.

De igual maneira, organizáronse os datos en base a variables bibliométricas e variables temáticas. As variables bibliométricas fan referencia a aspectos do documento que serven para organizalo en base a unhas características, sen entrar en detalles do seu contido; sérvennos para ter unha idea da produción científica da nosa temática (Manchado et al., 2009). Para analizar a evolución das investigacións relativas ao suicidio en persoas trans, analizáronse os anos de produción, os países de produción, as persoas autoras e as revistas nas que foi publicado o artigo. En canto ás variables temáticas a analizar, escolléronse o tipo de investigación, a metodoloxía utilizada, a poboación de estudo, a intervención social suxerida para previr e/ou paliar o suicidio e os factores estudados que condicionan á aparición de comportamentos suicidas. No apartado de resultados móstrase a análise en base a ditas variables.

1.6. Aspectos éticos e legais

En canto aos aspectos éticos desta revisión, contamos co Código Deontolóxico do Traballo Social, polo que se rexe o bo desempeño das nosas actuacións como profesionais desta disciplina, e, ademais, establécese o compromiso da profesión coa sociedade (Consello Xeral do Traballo Social, 2012). Así mesmo, toda a revisión réxese pola sétima edición do Manual de Publicación da American Psychological Association á hora de citar as fontes utilizadas, para respectar a autoría das mesmas e evitar a aparición de plaxio da información (American Psychological Association, 2021).

Por outro lado, en canto aos aspectos legais, téñase en conta o Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, polo que se asegura o uso lícito e o respecto á autoría de toda a documentación utilizada nesta revisión bibliográfica. Así mesmo, esta investigación réxese polo artigo 428, do capítulo III da propiedade intelectual do Código Civil Español

(1889), no que se indica que o autor dunha obra literaria, científica ou artística ten o dereito de explotala e dispor dela á súa vontade.

2. RESULTADOS

2.1. Diagrama de fluxo para a selección de artigos

Para representar o proceso de selección de artigos para a revisión bibliográfica, optouse pola elaboración dun diagrama de fluxo (Figura 1) para unha mellor organización e representación da información.

Figura 1

Diagrama de fluxo de resultados



En primeiro lugar, tras a correspondente busca nas bases de datos seleccionadas (Dialnet, Scopus e PubMed), contéplanse 43 resultados, dos cales se exclúen 4 por non cumprir cos criterios de selección da revisión, quedando con 39 artigos. Tras acceder aos

39 documentos, detéctase que 6 deles non están dispoñibles para a súa lectura, dado que non son accesibles por ningunha vía, polo que se conta con 33 artigos; entre eses estudos, elimínase un duplicado, quedando 32 documentos para a lectura dos correspondentes títulos e resumos. Nesta lectura non se exclúe ningún documento, polo que se procede a ler cada un deles minuciosamente, excluindo 3 estudos que non chegaban a cumprir cos criterios de selección, finalizando este proceso con 28 resultados seleccionados para a elaboración desta revisión.


Tras o tratamento e recollida de datos, podemos dividir os resultados da busca en dous tipos, en base ás variables bibliométricas e ás variables temáticas.

2.2. Resultados bibliométricos

Os resultados bibliométricos réxense polas variables bibliométricas, as cales se atopan explicadas no apartado de procedemento e recollida de datos. Nesta revisión, optouse por analizar os anos de produción, os países de produción, as persoas autoras e as revistas nas que foi publicado o artigo, para así poder ter unha maior visión da evolución das investigacións relativas ao suicidio nas persoas trans.

Figura 2

Anos de produción dos artigos




En canto aos anos de produción, comezouse no 2001, xa que o artigo científico máis antigo que forma parte desta revisión bibliográfica é dese ano. Como se pode observar na Figura 2, o ano no que houbo máis produción foi o 2020, cun total de nove

artigos. Os seguintes anos con maior produción foron o 2016, o 2018 e o 2021, con tres artigos en cada un deles; a isto séguelle que, en 2005, 2022 e no que levamos de 2023, publicáronse dous artigos relacionados coa temática en cada un deses anos. En 2001, 2006, 2015 e 2019 publicouse un único estudo por ano. Chama a atención o gran aumento no número de publicacións de artigos durante o ano 2020, xa que a produción de estudos neste ámbito foi mínima no período referente a 2001-2023. A pesar da importancia social deste tema, como se pode ver nesta figura, a produción volveuse estabilizar nos baixos niveis que viña arrastrando antes do 2020, aínda que, desde o 2017, houbo polo menos un estudo por ano referente á temática elixida.

Figura 3

Países de produción dos artigos



Como se pode ver na Figura 3, dos 28 artigos cos que se traballa, aproximadamente un 78,6% da produción pertence aos Estados Unidos, é dicir, 22 artigos; a isto séguelle Canadá, cun 14,3% da produción (4 artigos); e, por último, cun 3,6%, están a India e Nova Zelandia, con un artigo cada un, respectivamente.

Táboa 2

Persoas autoras dos artigos

	N	%
Angelino	1	3,6
Bauer	2	7,1
Cerel	1	3,6
Chan	1	3,6
Clary	1	3,6
Clements-Nolle	2	7,1
Fenaughty	1	3,6
Holloway	1	3,6
Kattari	3	10,7
Kenagy	1	3,6
Kia	1	3,6
Kupper	1	3,6
Mak	1	3,6
Maksut	1	3,6
Operario	1	3,6
Paceley	1	3,6
Pandley	1	3,6
Romanelli	2	10,7
Seelman	2	7,1
Staples	1	3,6
Tucker	1	3,6
Virupaksha	1	3,6
TOTAL	28	100,0

Analizando unicamente a primeira persoa autora de cada artigo seleccionado para esta revisión, pódese dicir que a persoa que máis investigacións realizou neste ámbito é Kattari, quen publicou xunto a outros autores 2 artigos no ano 2020, e un no 2016; eses tres artigos representan un 10,7% sobre o total de documentos seleccionados. Outra persoa autora popular é Bauer, con investigacións xunto a outros autores nos anos 2015 e

2021; e Clements-Nolle, que publicou nos anos 2001 e 2006. Seelman publicou un artigo de maneira individual no 2016 e outro xunto a outros investigadores no 2020; así mesmo, Romanelli publicou xunto a Lindsey no 2020 e xunto a outros autores no 2018. Cada un do resto de artigos científicos representa respectivamente un 3,6% sobre o total de documentos.

Táboa 3

Revistas nas que se publican os artigos

	N	%
Administration and Policy in Mental Health and Mental Health Services Research	1	3,6
AIDS Education and Prevention	1	3,6
American Journal of Preventive Medicine	2	7,1
American Journal of Public Health	1	3,6
Annals of Epidemiology	1	3,6
BMC Public Health	1	3,6
Health & Social Work	2	7,1
Indian Journal of Psychological Medicine	1	3,6
International Journal of Environmental Research and Public Health	2	7,1
Journal of Advanced Nursing	1	3,6
Journal of Affective Disorders	1	3,6
Journal of Community Psychology	2	7,1
Journal of Homosexuality	2	7,1
Journal of Racial and Ethnic Health Disparities	1	3,6
Journal of Youth and Adolescence	1	3,6
LGTB Health	3	10,7
Pediatrics	1	3,6
Population Health	1	3,6
Social Science & Medicine	1	3,6
Social Work in Health Care	1	3,6
The Journal of Sex Research	1	3,6
TOTAL	28	100,0

Os 28 artigos cos que se conta para a revisión bibliográfica están publicados nun total de 21 revistas. Neste caso, a máis popular foi *LGTB Health*, cun total de 3 publicacións, é dicir, o 10,7% do total. As seguintes revistas máis populares foron *American Journal of Preventive Medicine*, *Health & Social Work*, *International Journal of Environmental Research and Public Health*, *Journal of Community Psychology* e

Journal of Homosexuality, con cadansúa 2 publicacións, é dicir, o 7,1% respectivamente. Por último, as revistas *Administration and Policy in Mental Health and Mental Health Services Research*, *AIDS Education and Prevention*, *American Journal of Public Health*, *Annals of Epidemiology*, *BMC Public Health*, *Indian Journal of Psychological Medicine*, *Journal of Advanced Nursing*, *Journal of Affective Disorders*, *Journal of Racial and Ethnic Health Disparities*, *Journal of Youth and Adolescence*, *Pediatrics*, *Population Health*, *Social Science & Medicine*, *Social Work in Health Care* e *The Journal of Sex Research*, contan cada unha delas cun artigo respectivamente (cada un representa aproximadamente o 3,6% sobre o total).

Como se pode observar, a gran maioría de revistas pertencen a disciplinas como a medicina e a psicoloxía, mentres que unha menor parte está destinada ao Traballo Social na Saúde, ao colectivo LGTBI, á mocidade, á sexualidade e ás minorías raciais e/ou étnicas.

2.3. Resultados temáticos

En canto aos resultados temáticos, seleccionáronse como variables a analizar para a elaboración deste apartado o tipo de estudo, a metodoloxía do estudo, a poboación de estudo, a intervención social que suxire o estudo para previr e/ou paliar o suicidio na comunidade trans, así como os factores condicionantes nos comportamentos suicidas detectados na investigación.



Táboa 4

Resultados dos artigos en base ás variables temáticas

Autore(s) e ano de publicación	Tipo de estudo	Metodoloxía do estudo	Poboación de estudo	Intervención social	Factores condicionantes no suicidio
Angelino et al. (2020)	Investigación	Cualitativa	Profesionais da saúde	Investigación participativa baseada na comunidade, compromiso e colaboración, fomento da resiliencia a través de tradición e cultura.	Barreiras no acceso aos servizos sanitarios.
Bauer et al. (2015)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 16 anos en Ontario (Canadá)	Inclusión social (apolo social, apoio familiar), cambio en documentos de identidade), protección contra a transición médica, facilitar acceso a transición médica (se fose necesaria).	Exclusión social, transfobia (violencia, discriminación, acoso verbal, ameazas, abuso físico ou sexual), imposibilidade de iniciar proceso de transición ou hormonas.
Bauer et al. (2021)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans menores de 16 anos que asisten a terapia de afirmación de xénero en Canadá	N/A	Depresión, ansiedade, necesidades sociais.
Cerei et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos que viven en EE.UU.	Avaliar a exposición deste colectivo ao suicidio e brindarlles apoio no duelo, reducir a súa exposición ao suicidio mediante enfoques de prevención desde a saúde pública.	Malestar psicolóxico por cercanía cunha persoa trans que morreu por suicidio/que intentase suicidarse.
Chan et al. (2022)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans de entre 14 e 25 anos en Canadá	Desenvolvemento de estratexias de afrontamento, instauración dun sistema sanitario máis equitativo, prevención temperá da violencia e discriminación, apoio social/parental, autoestima.	Discriminación e/ou violencia por razóns de sexo, etnia/cultura, raza/or, aparencia física, relixión ou idioma, no acceso a servizos sanitarios.
Clary et al. (2023)	Investigación	Cualitativa	Persoas trans maiores de 18 anos que viven en Texas (EE. UU.)	Considera-lo espectro de inclusión e discriminación nos contornos, defensa de políticas e prácticas inclusivas, apoio na saúde mental, física e xeral deste colectivo.	Depresión, ansiedade, abuso de substancias, discriminación, vitimización, simbolismo negativo, relixión, patriotismo extremo.
Clements-Nolle et al. (2001)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos que viven/traballan en San Francisco (EE.UU.)	Enfoques baseados en pares para brindar servizos sociais relacionados co VIH, o abuso de substancias, saúde mental, educación, emprego e atención médica especializada para o colectivo trans.	Infección por VIH, estado de saúde mental, abuso de substancias, discriminación, vitimización.
Clements-Nolle et al. (2006)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos que viven/traballan en San Francisco (EE.UU.)	Estratexias de prevención do suicidio, asesoramento, avaliación de risco de suicidio e derivacións desde os profesionais de saúde mental, intervencións de alcance baseadas en pares.	Discriminación, vitimización, ansiedade, violencia, abuso de substancias, abuso sexual/violación, depresión, baixa autoestima, infección por VIH.
Fenaughty et al. (2023)	Investigación	Cuantitativa	Persoas, de entre 14 e 26 anos en Aotearoa (Nova Zelandia).	Apoio na saúde mental, educación ás familias, líderes relixiosos e comunidades, profesionais dos servizos de saúde e servizos sociais.	Terapia de Conversión Sexual ou Terapia de Reorientación Sexual (SOGICE) exercidas por líderes relixiosos, familiares, profesionais da saúde, etc.
Holloway et al. (2021)	Investigación	Cuantitativa	Membros daigunha minoría sexual/trans en servizo activo das Forzas Armadas de EE.UU.	Programas e políticas adaptadas a este colectivo que busquen a mellora da saúde e benestar destes; promoción da saúde en canto a redución de danos por consumo de substancias, mellora do ambiente militar, programas de apoio.	Abuso de substancias, ansiedade, depresión, problemas de saúde mental, trastorno de estrés posttraumático (TEPT).



Kattari et al. (2016)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans en Colorado (EE.UU.)	Aumentar a competencia e inclusividade dos provedores ao traballar con este colectivo, comprender mellor como as persoas trans conceptualizan a prestación de servizos inclusivos.	Depresión, ansiedade, pensamentos suicidas durante o último ano, non dispoñer de atención de profesionais transinclusivos.
Kattari, Bakko et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos en EE.UU.	Brindar apoio ós profesionais na adquisición de coñecemento sobre a poboación trans e as súas necesidades de atención médica, incorporando as illas ensinanzas nos estudos da súa disciplina, uso de linguaxe inclusiva.	Depresión, ansiedade, pensamentos suicidas previos, estigma, recibir trato negativo nos servizos da saúde.
Kattari, Kattari et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos que viven en Michigan (EE.UU.)	Actuación dos traballadores sociais e terapeutas con perspectiva interseccional con este colectivo, traballar a nivel micro e macro para crear unha sociedade máis comprensiva.	Depresión, ansiedade, pensamentos de autolesión non suicidas/ autolesións non suicidas no último ano.
Kenagy (2005)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans que viven en Philadelphia (EE.UU.)	Actuación de prevención do suicidio entre o colectivo trans, facilitar acceso a estes coitados preventivos.	Discriminación polo feito de ser trans, violencia, infección por VIH.
Kia et al. (2021)	Revisión bibliográfica	N/A	N/A	Necesidade de futuras investigacións sobre o apoio entre pares nas persoas trans como prevención do suicidio.	N/A
Kupper et al. (2018)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans de entre 14 e 30 anos en EE.UU.	Prevención e intervención dirixida a desenvolver apoio e auto percepción positiva, reducir a vitimización e tratar a depresión.	Vitimización, síntomas depresivos, baixa autoestima, escaso apoio social, ideación suicida no último ano.
Mak et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans inscritas no Kaiser Permanente Plan en California do Norte, California do Sur e Xeorxia (EE.UU.)	Recibir apoio e atención de afirmación de xénero, lograr maior congruencia entre a identidade de xénero e a aparencia.	Discriminación, malestar emocional, múltiples diagnósticos de saúde mental, pensamentos/intentos previos de suicidio.
Maksut et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Mulleres trans maiores de 15 anos ou maiores de EE.UU.	Capacitación dos profesionais da saúde mental e desenvolvemento de novas estratexias de participación para intervencións de mitigación de estigma.	Malestar psicolóxico, ideación/intento suicida no último ano, estigma.
Operario e Nemoto (2005)	Investigación	Cuantitativa	Mulleres trans de illas asiáticas e do Pacífico en EE.UU.	Deseño de programas de prevención apropiados culturalmente e ao colectivo pola saúde pública.	Comportamentos sexuais de risco, uso de substancias, infección por VIH, depresión, intentos previos de suicidio.
Paceley et al. (2020)	Investigación	Cualitativa	Persoas trans de entre 13 e 24 anos de dous estados do Medio Oeste en EE.UU.	Mayor comprensión da percepción do clima comunitario deste colectivo, maior visibilidade e aceptación, políticas inclusivas, deseño e implementación de intervencións a nivel comunitario que promovan a aceptación e o benestar das persoas trans, desenvolvemento de programas de apoio comunitario e escolar, aumentar acceso a atención médica afirmativa.	Vitimización, saúde deficiente, depresión, ideación suicida, ausencia de grupos comunitarios inclusivos, mala accesibilidade a atención médica inclusiva, clima comunitario deficiente, políticas non inclusivas.
Pandey e Seeman (2022)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos en EE.UU.	Formulación de políticas destinadas à redución de consumo de substancias e mellorar a saúde mental deste colectivo.	Uso de substancias, saúde mental deficiente, sentir sido traballador sexual, pensamentos/intentos previos de suicidio, malas experiencias en tratamentos de drogas e alcohol.
Romaneli et al. (2018)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos de 50 estados de EE. UU., Washington D.C., Porto Rico, Guam e as Illas Vírxenes dos EE.UU.	Políticas de protección deste colectivo e de prevención no sistema sanitario, integración de contido relacionado a este colectivo nos plans de estudo de Medicina, Traballo Social e Psicoloxía, aumentar a visibilidade, promoción da saúde e do benestar desde os servizos.	Negación de atención en servizos, discriminación nos servizos, uso de substancias, baixo apoio social, trastornos de saúde mental.



Romanelli e Lindsey (2020)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos en EE.UU.	Intervencións de participación para as persoas trans que viven discriminación, intervencións educativas en competencias trans para os profesionais, elaboración de políticas de non-discriminación. Considerar formas de abordalo acceso e a vitimización por parte do persoal universitario para previr e responder a estes problemas, implementación de políticas de tolerancia e prevención, creación de espazos transinclusivos.	Discriminación na atención médica, atención médica deficiente, ter algunha discapacidade, pensamentos suicidas no último ano.
Seelman (2016)	Investigación	Cuantitativa	Persoas universitarias identificadas como trans publicamente en EE.UU.	Considerar formas de abordalo acceso e a vitimización por parte do persoal universitario para previr e responder a estes problemas, implementación de políticas de tolerancia e prevención, creación de espazos transinclusivos.	Negación de acceso a servizos, discriminación, violencia, ameazas, acoso, marginalización, presenza dun trastorno de saúde mental.
Seelman et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Homes trans maiores de entre 18 e 73 anos en EE.UU.	Educar os provedores de saúde con base na diversidade, creación de intervencións dirixidas a mellorar a atención médica deste colectivo.	Estigma, discriminación nos servizos, maltrato na atención, malestar psicolóxico, pensamentos/intentos de suicidio no último ano.
Staples et al. (2018)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans de entre 18 e 44 anos en EE.UU.	Intervencións a nivel social e individual para abordar a ideación suicida e redución de estigma, cambios nas políticas e na educación, mellora das habilidades de afrontamento destas persoas.	Pensamentos suicidas/intencións non suicidas no último ano, estrés, transobia interiorizada.
Tucker et al. (2019)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos e veteranos militares en EE.UU.	Establecer accións preventivas do suicidio na saúde pública desde un enfoque multisistémico, necesidade de continuidade das campañas que promoven a conexión social.	Exposición ao suicidio ou intento de suicidio dunha persoa dis/trans cercana.
Vinupaksha et al. (2016)	Revisión bibliográfica	N/A	N/A	Fortalecer os factores de resiliencia con base en estratexias preventivas do suicidio, incrementando os factores de protección.	Vitimización excesiva no xénero, discriminación, acoso, violencia, rexeitamento por parte de familia/amigos/comunidade, acoso, maltrato e discriminación na atención médica.

En canto aos resultados temáticos, como se pode ver na Táboa 4, a maioría dos artigos utilizados para elaborar esta revisión bibliográfica son investigacións de metodoloxía cuantitativa, fronte a unha pequena parte de investigacións cualitativas e dúas revisións bibliográficas. Ademais, a gran maioría de estudos abordan como poboación diana ás persoas trans maiores de idade en Estados Unidos, mentres que unicamente hai un estudo que aborda ás mulleres trans maiores de 15 anos, e outro aos homes trans maiores de 18 anos, respectivamente, ademais dun estudo que entrevista aos profesionais da saúde no trato co colectivo trans, poñendo como criterio de inclusión que sexan persoas que pertencen á zona xeográfica dos Estados Unidos de América.

Moitos dos estudos suxiren como intervencións para evitar e/ou paliar os comportamentos suicidas a educación ás e aos profesionais sociosanitarios, familias e comunidades sobre diversidade e necesidades do colectivo trans, así como a actuación desde a saúde pública con enfoques multisistémicos de prevención do suicidio, dando apoio na saúde física e mental. Tamén se suxiren accións de prevención temperá da discriminación e da violencia, co fin de reducir a vitimización á que está sometido este colectivo no seu día a día, mediante o deseño e instauración de políticas máis inclusivas e de non discriminación, así como de programas adaptados ás necesidades deste colectivo e de espazos máis inclusivos. A actuación dos profesionais do Traballo Social, a

Psicología e a Medicina debe darse cunha perspectiva interseccional, a nivel micro e macro, promovendo o apoio social e de pares, a saúde, o benestar e o desenvolvemento e mellora de estratexias de afrontamento ás adversidades que viven as persoas trans, creando persoas con máis autoestima e autopercepción positiva, e fortalecendo os seus factores de protección e resiliencia; ademais, ao traballar a nivel social, tamén se aumentará a comprensión cara a este colectivo, así como a aceptación e visibilidade do mesmo. Así mesmo, recálcase a necesidade de futuras investigacións no ámbito do suicidio e as persoas trans, debido á alta prevalencia de ideación e tentativa suicida que existe nestas persoas.

Seguindo a Táboa 4, estes estudos tamén sinalan cales son aqueles factores que aumentan o risco de suicidio das persoas trans. Actitudes transfóbicas como o estigma, a discriminación, a violencia (acoso, abuso físico ou sexual, entre outros), o rexeitamento, a marxinalización, a exclusión social e o impedimento ao acceso a determinados servizos (como poden ser os sanitarios, debido á presenza de profesionais non inclusivos), as Terapias de Conversión Sexual ou Terapias de Reorientación Sexual (SOGICE) ou o simbolismo negativo cara a este colectivo, condicionan a aparición nas persoas trans de malestar psicolóxico, trastornos de saúde mental (ansiedade, depresión, Trastorno de Estrés Postraumático, entre outros), abuso de substancias, baixa autoestima, transfobia interiorizada e ideación de autolesión ou suicida, que pode derivar en ter estes comportamentos autodestrutivos. Así mesmo, sumado á presenza de barreiras no acceso a servizos, necesidades sociais non cubertas, exposición ao suicidio de terceiras persoas (tanto cis como trans), abuso de substancias ou diagnósticos de trastornos de saúde mental previos, presenza de enfermidades como o VIH, escaso apoio social, clima comunitario deficiente e ausencia de políticas inclusivas, o risco de suicidio é moito máis elevado, polo que se require de intervencións precisas e especializadas sobre este colectivo.

3. DISCUSIÓN E CONCLUSIÓN

Esta revisión bibliográfica narrativa tiña o obxectivo de revisar a literatura científica existente en relación á temática do suicidio e as persoas trans. Tras analizar os diferentes documentos que conforman esta revisión, pódese enfatizar na urxencia de intervención

nesta problemática, desde diferentes disciplinas, e sempre orientadas á persoa, así como especializadas nas súas características e necesidades, co fin de intervir na raíz de todos os problemas sociais que se relacionan coa temática.

Cando se fala da evolución científica deste tema, poñendo o punto de vista no número de investigacións realizadas por ano (ver Figura 2), pódese observar que no período de 2001 a 2023, a produción científica atópase parada do 2002 ao 2004, do 2007 ao 2014 e no ano 2017, pese á evidente necesidade de actuación. A produción é mínima excepto no ano 2020 no que se publican nove artigos científicos relacionados coa temática.

Como xa se menciona no apartado de resultados temáticos, existen numerosos factores asociados ao suicidio e á ideación e condutas suicidas. En base ao Modelo de Estrés por Minoría (Meyer, 2003) – marco de actuación empiricamente respaldado que explica a relación entre o estrés e a saúde das persoas trans (Hendricks e Testa, Lefevor et al., citados en Clary et al., 2023) – e ao marco de traballo da mediación psicolóxica (Hatzenbuehler, citado en Staples et al., 2018), pódense comprender as numerosas formas nas que se amosan os factores que poden desencadear o suicidio ou as condutas suicidas neste colectivo, así como os factores que atenúan a aparición destes comportamentos autodestrutivos. A identificación de ditos factores é primordial para poder desenvolver e implementar estratexias de prevención do suicidio adecuadas ás persoas trans (Clements-Nolle et al., 2006).

Exponse que o colectivo de persoas trans presenta alta prevalencia de suicidio debido á vitimización interpersonal que sofren, así como á discriminación, hostilidade, violencia e ameazas, que, segundo unha enquisa realizada a máis de 5.000 estudantes do colectivo LGTBI, eran comunmente experimentadas por este colectivo (Rankin et al., citado en Seelman, 2016). A discriminación no acceso a determinados servizos tamén afecta significativamente no benestar e saúde destas persoas, e pódese observar na negativa de atención, exclusión de diversos espazos ou malos tratos ou presenza de profesionais non inclusivos. Nunha investigación examinouse a prevalencia de actitudes transfóbicas en profesionais médicos, dando como resultado que un 34,0% das persoas participantes foran testemuñas algunha vez na súa vida de discriminación a persoas trans

en contornas sanitarias; e un 65,0% escoitara comentarios denigrantes e transfóbicos ditos por persoal sanitario (Eliason, Dibble e Robertson, citados en Kattari et al., 2016). Outras experiencias que poden percibirse como negativas por este colectivo na atención médica son a non comprensión por parte dos profesionais das necesidades que presentan estas persoas, ou o descoñecemento da diferenza entre sexo, xénero e orientación sexual, o que pode levar á patoloxización, favorecendo ademais a aparición de estrés e pensamentos e comportamentos suicidas (Lefkowitz e Mannell, citado en Kattari, Bakko et al., 2020; Romanelli e Lindsey, 2020). Angelino et al. (2020), avalía na súa investigación o coñecemento que teñen os profesionais do ámbito sanitario sobre a comunidade trans e Two-Spirit – concepto acuñado en 1990 para describir aquelas persoas que “encarnan múltiples esencia”, é dicir, que teñen unha identidade fluída e non se limitan aos roles ou expresión de xénero comúns – indoamericana e nativa de Alaska, con relación ao seu xénero e sexualidade. Abórdase neste estudo que dita comunidade presenta, ademais de problemas físicos e psíquicos na saúde (como abuso de substancias e malestar psicosocial) causados por problemáticas como o bullying, a violencia ou a discriminación, un alto número de barreiras para acceder aos sistemas sanitarios (como o descoñecemento dos profesionais sobre a saúde das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI, uso inadecuado de pronomes, ou falta de atencións de afirmación de xénero), sobre todo na poboación máis nova. Ademais, dentro do colectivo trans, as persoas máis afectadas por esta discriminación nos servizos son os homes trans, e en especial, aqueles que son nativos americanos ou multirraciais, queer, asexuais ou doutra minoría sexual, con baixos ingresos e menores de 45 anos; así mesmo, canto máis visible é unha persoa trans, é dicir, canto máis se afaste dos roles de xénero impostos pola sociedade, máis probabilidade ten de sufrir discriminación na atención médica (Shires e Jaffee, e Kattari e Hasche, citados en Seelman et al., 2020).

Kattari, Bakko et al. (2020) tamén investigan as experiencias das persoas trans no trato con profesionais do ámbito sanitario, e o seu efecto na saúde mental. Segundo Beckwith et al. e Zeluf et al. (como se cita en Kattari, Bakko et al., 2020), as experiencias negativas na atención médica relaciónanse cunha menor calidade de vida e maior autopercepción de enfermidade neste colectivo. Investigacións como a de James et al. (citado en Seelman et al., 2020), sinalan que aproximadamente un 33,0% das persoas

trans tiveron unha experiencia negativa nos servizos sanitarios durante o último ano, ademais de teren sido suxeito de preguntas invasivas, negativa de servizos ou tratadas con pronomes, nomes ou termos de xénero que non correspondían á súa identidade de xénero. En base a resultados doutras investigacións, suxírese que estas experiencias negativas poden derivar en estratexias de afrontamento como evitar acudir aos servizos médicos, aínda que lles fose necesaria dita atención, debido ao temor de volver vivir a mesma situación discriminatoria (Rood et al., citado en Romanelli et al., 2018). Nunha investigación realizada en Colorado, Estados Unidos, expúxose que o 61,0% das persoas trans participantes optaran algunha vez por evitar ou atrasar acudir ao médico por como podería tratarlles o persoal (One Colorado Education Fund, citado en Kattari et al., 2016). Outras estratexias de afrontamento a estas situacións poden ser o abuso de substancias, como forma de evitar ou aliviar os sentimentos e/ou estrés producido pola experiencia negativa, o que resulta nun incremento dos síntomas depresivos e de ansiedade e maior risco de intento de suicidio; a exposición ao estigma contribúe a altas taxas de depresión, desemprego e angustia financeira, relacionadas co consumo de substancias e o traballo sexual comercial como estratexia de saída da problemática (Bockting et al. e Nemoto et al., citados en Operario e Nemoto, 2005). O feito de teren sido ou ser traballador/a sexual tamén se identifica como factor de risco na aparición de trastornos de saúde mental que poden derivar en pensamentos e/ou condutas autodestrutivas; así mesmo, o consumo de substancias, previo ou como resposta de evasión á discriminación ou violencia recibida, tamén é outro factor de risco na aparición dun estado de saúde mental deficiente (Pandey e Seelman, 2022). Holloway et al. (2021) realizou un estudo sobre a saúde mental e os comportamentos de risco para a saúde de membros do servizo militar trans e de minorías sexuais en Estados Unidos, e expuxo factores como un elevado uso de alcohol en, polo menos, a metade das persoas participantes, o que estaba moi relacionado con altas taxas de risco de suicidio, ansiedade severa ou moderada e unha maior porcentaxe de síntomas depresivos.

En canto ao acceso a outros servizos como, por exemplo, os baños e as residencias estudiantís universitarias separadas por xénero, tamén se observa discriminación cara a este colectivo; existen investigacións que afirman que os estudantes universitarios trans son máis propensos a experimentar comportamentos autolíticos,

ideación e intentos de suicidio en comparación con aqueles estudantes cisxénero (Clements-Nolle, Marx e Katz, Goldblum et al., e Testa et al., citados en Seelman, 2016). Ademais, as experiencias das persoas trans nas universidades foron estudadas en menor medida en comparación co colectivo de gais e lesbianas. As persoas trans sinalan que o acceso ao baño constitúe un desafío para elas e eles debido ás experiencias negativas vividas, como ser cuestionada/o sobre se unha/un pertence ao baño de mulleres ou homes, ser mirada/o fixamente ou ser obrigada/o a abandonar o lugar, o cal se presenta máis nas mulleres trans (Bilodeau, Seelman et al., citados en Seelman, 2016). En relación ao acceso a residencias universitarias atopáronse escasas investigacións que detallen as experiencias deste colectivo, que ten impedimentos ao acceso ás mesmas cando estas se encontraban segregadas por xénero, por habitacións separadas polo sexo asignado ao nacer, cando non había dispoñibilidade á hora de ocupar unha habitación individual, ou cando directamente se negaba o acceso ás persoas trans; ademais, recálcase a ausencia de medidas que garantan que as residencias sexan un lugar libre de acoso e violencia (Beemyn et al., Bilodeau, Finger, Seelman, e Singh et al., citados en Seelman, 2016).

Kupper et al. (2018) e Virupaksha et al. (2016) tamén identifican como factores de risco de suicidio a victimización, en forma de acoso, ameazas e violencia; o rexeitamento ou a falta de apoio do entorno social e/ou familiar, os prexuízos, o estigma, entre outros factores. A estigmatización relacionada coa identidade de xénero e os determinantes sociais da saúde pode darse de forma interpersonal, en forma de malos tratos, rexeitamento, discriminación e violencia por parte doutros (estigma exercido), ou intrapersonal, en forma de percepcións de teren sido maltratada/o, rexeitada/o, discriminada/o ou tratada/o con violencia (estigma percibido) (Maksut et al., 2020); ademais, a presenza de transfobia interiorizada na propia persoa trans está relacionada cun maior risco de problemas de saúde mental (Staples et al., 2018). Kenagy (2005), no seu estudo, sinala que das persoas participantes que intentaran suicidarse algunha vez, o 67,3% afirmaba que a razón que as levou a facelo era simplemente o feito de ser trans. Ademais, as experiencias de victimización das persoas varían dependendo do contexto xeográfico no que se sitúe cada individuo; en comparación co Oeste e Noroeste dos Estados Unidos, reportáronse maiores taxas de transfobia e victimización en rexións do Medio Oeste e Sur do país, así como nos medios rurais, onde se rexistrou unha maior taxa

de ideación suicida, uso de substancias e menor número de recursos de apoio (Kosciw et al., Pacey et al., Palmer et al., Poon e Saewyc, e Rickard e Yancey, citados en Pacey et al., 2020). A violencia física e sexual, os insultos, o acoso, as agresións, a discriminación, a explotación sexual e financeira, entre outros, son factores que tamén con levan un gran impacto psicolóxico e fisiolóxico na persoa, fomentando unha saúde mental deficiente neste colectivo (Casey et al., citado en Clary et al., 2023; Virupaksha et al., 2016). Un estudo establece que algúns factores que presentan aquelas persoas trans que sufriron acoso e/ou agresións son unha alta probabilidade de abuso de substancias, intentos de suicidio, participación en traballo sexual, baixos ingresos, entre outros mencionados anteriormente; ademais, expónse que o 51,0% das persoas trans que sufriron vitimización na escola intentaron suicidarse algunha vez, cunha maior prevalencia en persoas que sufriron acoso e/ou intimidación por parte dos propios profesores ou agresión física ou sexual por outros compañeiros ou profesores (Grant et al., citado en Seelman, 2016). As prácticas como o SOGICE (Sexual Orientation and Gender Identity Change Efforts), tamén coñecidas como Terapias de Conversión Sexual ou Terapias de Reorientación Sexual, son prácticas pseudocientíficas que pretenden alterar diversas identidades de xénero e sexuais (American Psychological Association, citado en Fenaughty et al., 2023) exercidas por figuras como líderes relixiosos, familiares ou profesionais da saúde, e tamén están relacionadas coa aparición de tendencias suicidas e autolíticas nas persoas trans máis novas (Fenaughty et al., 2023). Así mesmo, segundo un estudo, a presenza de simbolismo negativo ou discriminatorio para determinados colectivos, como a bandeira dos Estados Confederados de América, ou símbolos supremacistas brancos ou nazis, evidentemente, suxiren unha hostilidade cara a estes grupos minoritarios, o que fai que o entorno sexa inseguro para estes (Pacey et al., e Ong et al., citados en Clary et al., 2023).

Outro factor condicionante a presentar un risco elevado de suicidio é o feito de ter estado exposto ao suicidio dunha terceira persoa, sexa cis ou trans, o que tamén supón efectos psicolóxicos importantes que poden inducir a presentar estas condutas (Cerel et al., 2020). Tucker et al. (2019) tamén opta por investigar nesta liña e realiza unha investigación relacionando a historia de comportamentos suicidas en persoas trans que tiveron exposición directa ao suicidio, chegando á conclusión de que dita exposición

afecta á persoa que o vivencia, de xeito que é máis vulnerable a experimentar condutas autolíticas.

Algunhas factores demográficos concretos tamén se asocian ao risco de suicidio; por exemplo, as persoas trans adolescentes ou mozos adultos son máis propensas a experimentar ideación suicida ou a cometer un intento de suicidio, e tamén aquelas que presentaron ideación suicida ou intentos previos de suicidio no pasado (Mak et al., 2020). En canto á poboación, hai estudos que demostran que a taxa de suicidio é máis baixa nas poboacións trans hispánicas e afroamericanas, e máis altas nas persoas nativas americanas (Kupper et al., 2018). Entre o colectivo trans, as minorías como a BIPOC (Black, Indigenous and People of Colour), isto é, de persoas negras, indíxenas e de cor, experimentan unha maior prevalencia en canto á tentativa de suicidio, os comportamentos autolíticos e suicidios, debido á vitimización e violencia á que están expostas, tanto pola súa pertenza a un colectivo minoritario como pola súa raza ou etnia (Chan et al., 2022). Da mesma maneira, características como a orientación sexual diferente á heterosexual e un estatus socioeconómico baixo, tamén se asocian a maiores taxas de intento de suicidio (Kupper et al., 2018). Kattari, Kattari et al. (2020) estudan na súa investigación as experiencias de saúde mental das diversas identidades sociais do colectivo trans, explorando como difire a depresión, a ansiedade e o suicidio entre a comunidade trans en función das súas características sociodemográficas. A depresión está determinada por numerosos factores; de personalidade, epixenéticos, culturais e xeográficos, moi condicionados pola presenza do estigma. En canto á ansiedade, é un dos trastornos mentais máis prevalentes neste colectivo, ademais de estar sumamente relacionada con eventos adversos durante a infancia e/ou idade adulta, influíndo tamén nela a personalidade, o afecto, a predisposición xenética e a comorbilidade. Kattari, Kattari et al. (2020) revela no seu estudo que o 72,2% e o 73,0% das persoas trans participantes foron diagnosticadas con depresión ou ansiedade, respectivamente, ao longo da súa vida, así como que durante os últimos 12 meses, o 49,9% das persoas tiveron pensamentos autolíticos, o 26,3% autolesionáronse ocasionalmente e o 7,7% intentaron suicidarse. Bauer et al. (2021) tamén describe no seu estudo as características do colectivo de persoas trans mozas que acceden aos servizos en clínicas de afirmación de xénero en Canadá, amosando ademais, as barreiras que enfréntanse este grupo ao acceso aos servizos sanitarios; o 40,2% das

persoas trans enquisadas tiñan un diagnóstico de ansiedade e durante os últimos 12 meses, o 67,6% autolesionáronse algunha vez e o 34,5% das persoas tiveron ideación suicida.

En canto aos factores protectores do suicidio, baseándonos no Modelo de Estrés por Minoría, podemos dicir que, por exemplo, a resiliencia no entorno, en forma de simbolismo relacionado co colectivo LGTBI, funciona como elemento amortiguador na aparición de condutas suicidas (Hendricks e Testa, e Meyer, citados en Clary et al., 2023). Un estudo demostrou que a presenza de simbolismo e logos LGTBI en espazos públicos fai que as persoas trans se sintan máis seguras neles (Aversa et al., citado en Clary et al., 2023). Bauer et al. (2015) tamén identificou factores asociados coa redución do risco de ideación ou intento suicida e viu o impacto que tiñan na saúde do colectivo trans; investigou como as actuacións de inclusión social, de redución da transfobia e de transición (social, médica e hormonal) favorecerían a redución destas condutas. Bauer et al. (2021) e Kattari, Kattari et al. (2020) resaltan nas súas respectivas investigacións a necesidade de abordar a discriminación e a falta de acceso á atención médica de afirmación de xénero para mellorar a saúde e o benestar das persoas trans, así como de entender as características sociodemográficas das persoas trans, para poder elaborar intervencións axeitadas a cada perfil. De feito, Clements-Nolle et al. (2001), sinala que os provedores médicos son un vínculo importante para as persoas trans no acceso a servizos necesarios de prevención, saúde e servizos sociais, polo que ademais de proporcionar terapia hormonal, deben asesorar e derivar axeitadamente aos servizos necesarios (saúde mental, servizos sociais, entre outros), co propósito de intervir nas condutas suicidas de maneira preventiva. Outro estudo sinala que o apoio de pares ou iguais é primordial á hora de protexer ás persoas trans contra o suicidio, como forma de validar á persoa e apoiarlle na construción dunha comunidade (Kia et al., 2021). Virupaksha et al. (2016) enumera no seu estudo unha serie de factores de resiliencia e de protección utilizados polo colectivo trans como mecanismo de afrontamento: ter unha comunicación asertiva, defensa persoal, honestidade, saber buscar axuda, estar orientado ao futuro, ser determinado, forte, independente, entre outras cualidades persoais. Pacey et al. (2020) basea o seu estudo na Teoría de Sistemas Ecolóxicos (Bronfenbrenner, citado en Pacey et al., 2020), que expón como son cinco os sistemas do entorno dos mozos os que afectan ao seu desenvolvemento e benestar; debemos comprender como interactúan

estes sistemas para lograr entender ao individuo e as súas experiencias. Tanto os factores de risco, como os de protección varían dependendo do entorno social e comunitario (Goldbach e Gibbs, Holman, e Pacey et al., citados en Clary et al., 2023).

O Traballo Social está orientado á busca e desenvolvemento de apoios sociais que acouguen os sentimentos de illamento e soidade, así como a falta de apoio (Aperador, 2022); promove o cambio social, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e liberación das persoas para aumentar a súa saúde e benestar (Federación Internacional de Traballadores Sociais e Asociación Internacional do Traballo Social, citados en Ramos, 2015). A disciplina do Traballo Social é imprescindible no traballo de inclusión das persoas trans, xa que as e os profesionais deben realizar intervencións a nivel social e individual que mitiguen as barreiras ás que se enfrenta este colectivo, fomentando a súa rede de apoio e/ou de iguais (Aperador, 2022). Así mesmo, son unhas/os das/os profesionais encargadas/os de avaliar as situacións sociais deste colectivo, co fin de identificar aqueles factores de risco sobre os que actuar e aqueles factores protectores que reforzar. Estas dificultades ás que se afrontan as persoas trans revelan a necesidade de desenvolver accións e políticas sociais que faciliten unha resposta ás súas necesidades, así como ás de súa familia e o seu entorno (Palacios, 2016), tratando sempre ao individuo como un sistema e non como un caso illado (Ramos, 2015). Como profesionais, á hora de traballar con este colectivo, atribúensenos competencias como proporcionar acompañamento e apoio emocional e psicosocial desde, por exemplo, unidades médicas, ás persoas usuarias deste colectivo (Barril, citado en Navajas-Pertegás, 2015); a ensinanza de estratexias de afrontamento cara ao estrés, a discriminación e outros desafíos; e estratexias de prevención do suicidio, como a afirmación de xénero propia e do entorno e a creación de redes de apoio social no ámbito familiar, social e educativo, así como activismo a favor da visibilización e defensa e reivindicación dos dereitos destas persoas (Arestegui, citado en Pérez-Calvo et al., 2022). Do mesmo xeito, ao intervir de maneira grupal co suicidio, deben fomentarse os grupos de axuda mutua para este colectivo de persoas (Sarasola et al., 2019), ou grupos de apoio de soporte ás persoas trans, onde se poden informar de aspectos sanitarios, obter soporte emocional, coñecer a iguais, entre outros (Navajas-Pertegás, 2015). É fundamental que as traballadoras e traballadores sociais se atopen formados especificamente nas competencias necesarias para poder facer

fronte ás necesidades e demandas deste colectivo, como por exemplo, saber responder á demanda da persoa usuaria de modificación do nome e/ou sexo no rexistro, ou a solicitude de acceso a determinados servizos de saúde, entre outros (Aperador, 2022).

Finalmente, chegase á conclusión do papel crucial que desempeñamos como profesionais, tanto na prevención do suicidio nas persoas trans como na intervención nos mesmos, ademais de participar na identificación temperá dos factores de risco de suicidio, permitindo a elaboración de intervencións preventivas axeitadas a cada caso. En cambio, segue existindo unha necesidade de actuación evidente no marco de desenvolver máis investigacións dende o ámbito do Traballo Social en colaboración xunto a outras disciplinas, como poden ser a Psicoloxía, a Medicina, a Educación Social, entre outras, para poder mellorar e adaptar as políticas sociais e os programas de prevención dirixidos a este colectivo.

Tras a elaboración desta revisión bibliográfica, identifícanse como limitacións a ausencia de estudos específicos, limitados ao ámbito xeográfico español e incluso europeo, que analicen esta problemática. Recoméndase a elaboración de protocolos de actuación na prevención e/ou intervención con as condutas suicidas en persoas trans, dende os profesionais sociosanitarios, xa que sería moi positivo, sobre todo no feito de xerar unha maior visibilidade da temática entre os profesionais, para poder obter unha maior educación sobre esta poboación e, como resultado, ofrecer un trato máis inclusivo e centrado na persoa. Así mesmo, o primordial nesta problemática é actuar sobre a base do problema, e poder erradicar moitas das actitudes transfobas que se atopan na nosa sociedade, promovendo políticas de aceptación, educación, respecto e non discriminación. Con isto, as investigadoras e investigadores deberían ir máis alá de simplemente estudar as causas e prevalencia do suicidio, e en lugar diso, prantexar como se poderían mellorar e/ou fortalecer aqueles factores de protección e resiliencia que se atopan no entorno desta poboación, co fin de reducir todo o posible esta problemática.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

American Psychological Association. (2013). Las personas trans y la identidad de género. <https://www.apa.org/topics/lgbtq/transgenero#:~:text=La%20palabra%20transe>

x

ual%20hace%20referencia,con%20sus%20identidades%20de%20g%C3%A9n
er . o

- American Psychological Association. (2021). Manual de Publicaciones de la American Psychological Association. El Manual Moderno.
- American Psychiatric Association. (2023). ¿Qué son suicidio y autolesión?. <https://www.psychiatry.org/patients-families/la-salud-mental/suicidio-y-autolesion/que-son-suicidio-y-autolesion>
- Angelino, A., Evans-Campbell, T. y Duran, B. (2020). Assessing Health Provider Perspectives Regarding Barriers American Indian/Alaska Native Transgender and Two-Spirit Youth Face Accessing Healthcare. *Journal of Racial and Ethnic Health Disparities*, 7(4), 630-642. <https://doi.org/10.1007/s40615-019-00693-7>
- Aperador, I. (2022). Persoas trans. Unha realidade oprimida. Investigación cualitativa en traballo social. *Revista galega de traballo social "Fervenzas"*, 24(1), 185-221. <https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2022/03/Fervenzas2022-web.pdf>
- Atkinson, S. R. y Russell, D. (2015). Gender dysphoria. *Australian Family Physician*, 44(11), 792-796. <https://www.racgp.org.au/getattachment/a0333827-3f00-4ce5-a221-347e7fe225e0/Gender-dysphoria.aspx>
- Bauer, G. R., Scheim, A. I., Pyne, J., Travers, R. y Hammond, R. S. (2015). Intervenable factors associated with suicide risk in transgender persons: a respondent driven sampling study in Ontario, Canada. *BMC Public Health*, 15(1), 1-15. <https://doi.org/10.1186/s12889-015-1867-2>
- Bauer, G. R., Pacaud, D., Couch, R., Metzger, D., Gale, L., Gotovac, S., Mokashi, A., Feder, S., Raiche, J., Speechley, K. N., Newhook, J. T., Ghosh, S., Sansfaçon, A. P., Susset, F. y Lawson, M. L. (2021). Transgender Youth Referred to Clinics for Gender-Affirming Medical Care in Canada. *Pediatrics*, 148(5), 1-13. <https://doi.org/10.1542/peds.2020-047266>
- Cerel, J., Tucker, R. P., Aboussouan, A. B. y Snow, A. (2021). Suicide exposure in transgender and gender diverse adults. *Journal of Affective Disorders*, 278(1), 165-171. <https://doi.org/10.1016/j.jad.2020.09.045>
- Chan, A., Pullen, A. y Saewyc, E. (2022). Experiences of discrimination or violence and health outcomes among Black, Indigenous and People of Colour trans and/or nonbinary youth. *Journal of Advanced Nursing*, 79(5), 2004-2013. <https://doi.org/10.1111/jan.15534>

- Chinazzo, I. R., Costa, A. B., Koller, S. H., Lobato, M. I., Nardi, H. C. y Saadeh, A. (2021). Impact of minority stress in depressive symptoms, suicide ideation and suicide attempt in trans persons. *Ciência & Saúde Coletiva*, 26(3), 5045-5056. <https://doi.org/10.1590/1413-812320212611.3.28532019>
- Clary, K., Goffnett, J., King, M., Hubbard, T. y Kitchen, R. (2023). “It’s the Environment, Not Me”: Experiences shared by transgender and gender diverse adults living in Texas. *Journal of Community Psychology*, 51(3), 906-923. <https://doi.org/10.1002/jcop.22948>
- Clements-Nolle, K., Marx, R., Guzman, R. y Katz, M. H. (2001). HIV prevalence, risk behaviors, health care use, and mental health status of transgender persons: implications for public health intervention. *American Journal of Public Health*, 91(6), 915-921. <https://doi.org/10.2105/ajph.91.6.915>
- Clements-Nolle, K., Marx, R. y Katz, M. H. (2006). Attempted Suicide Among Transgender Persons. *Journal of Homosexuality*, 51(3), 53-69. https://doi.org/10.1300/j082v51n03_04
- Consejo General del Trabajo Social. (2012). Código Deontológico del Trabajo Social. https://www.cgtrabajosocial.es/codigo_deontologico#
- Fenaughty, J., Tan, K., Ker, A., Veale, J., Saxton, P. y Alansari, M. (2023). Sexual Orientation and Gender Identity Change Efforts for Young People in New Zealand: Demographics, Types of Suggesters, and Associations with Mental Health. *Journal of Youth and Adolescence*, 52(1), 149-164. <https://doi.org/10.1007/s10964-022-01693-3>
- Ferrari, R. (2015). Writing narrative style literature reviews. *Medical Writing*, 24(4), 230-235. <http://dx.doi.org/10.1179/2047480615Z.000000000329>
- Fortich, N. (2013). ¿Revisión sistemática o revisión narrativa? *Ciencia y Salud Virtual*, 5(1), 1-4. <https://doi.org/10.22519/21455333.372>
- Fundación Española para la Prevención del Suicidio. (2021). Observatorio del Suicidio en España 2021. <https://www.fsme.es/app/download/16592466724/Observatorio+del+Suicidio+en+Esparn%CC%83a+2021+-Avance+19-12-2022-.pdf?t=1672748370>
- García de Jalón, E. y Peralta, V. (2002). Suicidio y riesgo de suicidio. *Anales del Sistema Sanitario de Navarra*, 25(3), 87-96. <https://doi.org/10.23938/ASSN.0844>

- Guerrero, M. (2019). Reflexiones sobre el suicidio desde la mirada histórica. *Boletín Psicoevidencias*, 55(1), 1-6. <https://www.psicoevidencias.es/contenidos-psicoevidencias/articulos-de-opinion/89-reflexiones-sobre-el-suicidio-desde-la-mirada-historica/file>
- Holloway, I. W., Green, D. J., Pickering, C. E., Wu, E., Tzen, M., Goldbach, J. T. y Castro, C. A. (2021). Mental Health and Health Risk Behaviors of Active Duty Sexual Minority and Transgender Service Members in the United States Military. *LGBT Health*, 8(2), 152-161. <https://doi.org/10.1089/lgbt.2020.0031>
- Instituto Nacional de Estadística. (2021). Suicidios por edad y sexo [conjunto de datos]. <https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?tpx=55317>
- Instituto Nacional de Estadística. (2022). Defunciones según la Causa de Muerte. Año 2021 (datos definitivos) y primer semestre 2022 (datos provisionales) [conjunto de datos]. https://www.ine.es/prensa/edcm_2021.pdf
- Instituto Nacional de Salud Mental. (2021). Preguntas frecuentes sobre el suicidio.
- NIMH. <https://www.nimh.nih.gov/health/publications/espanol/preguntas-frecuentes-sobre-el-suicidio>
- Kattari, S. K., Walls, N. E., Speer, S. R. y Kattari, L. (2016). Exploring the relationship between transgender-inclusive providers and mental health outcomes among transgender/gender variant people. *Social Work in Health Care*, 55(8), 635-650. <https://doi.org/10.1080/00981389.2016.1193099>
- Kattari, S. K., Bakko, M., Hecht, H. K. y Kattari, L. (2020). Correlations between healthcare provider interactions and mental health among transgender and nonbinary adults. *Population Health*, 10(13), 1-7. <https://doi.org/10.1016/j.ssmph.2019.100525>
- Kattari, S. K., Kattari, L., Johnson, I. T., Lacombe-Duncan, A. y Misiolek, B. A. (2020). Differential Experiences of Mental Health among Trans/Gender Diverse Adults in Michigan. *International Journal of Environmental Research and Public Health*, 17(18), 1-16. <https://doi.org/10.3390/ijerph17186805>
- Kenagy, G. P. (2005). Transgender Health: Findings from Two Needs Assessment Studies in Philadelphia. *Health & Social Work*, 30(1), 19-26. <https://doi.org/10.1093/hsw/30.1.19>
- Kia, H., MacKinnon, K. R., Abramovich, A. y Bonato, S. (2021). Peer support as a protective factor against suicide in trans populations: A scoping review. *Social*



Science & Medicine, 279(1), 1-14.
<https://doi.org/10.1016/j.socscimed.2021.114026>

- Kupper, L. E., Adams, N. y Mustanski, B. S. (2018). Exploring Cross-Sectional Predictors of Suicide Ideation, Attempt, and Risk in a Large Online Sample of Transgender and Gender Nonconforming Youth and Young Adults. *LGTB Health*, 5(7), 391-400. <https://doi.org/10.1089/lgbt.2017.0259>
- Mak, J., Shires, D. A., Zhang, Q., Prieto, L. R., Ahmedani, B. K., Kattari, L., Becerra-Culqui, T. A., Bradlyn, A. S., Flanders, W. D., Getahun, D., Giammattei, S., Hunkeler, E. M., Lash, T. L., Nash, R., Quinn, V. P., Robinson, B., Roblin, D.
- W., Silverberg, M. J., Slovis, J., Tangpricha, V., . . . Goodman, M. (2020). Suicide Attempts Among a Cohort of Transgender and Gender Diverse People. *American Journal of Preventive Medicine*, 59(4), 570-577. <https://doi.org/10.1016/j.amepre.2020.03.026>
- Maksut, J. L., Sanchez, T. H., Wiginton, J. M., Scheim, A. I., Logie, C. H., Zlotorzynska, M., Lyons, C. E. y Baral, S. D. (2020). Gender identity and sexual behavior stigmas, severe psychological distress, and suicidality in an online sample of transgender women in the United States. *Annals of Epidemiology*, 52(1), 15-22. <https://doi.org/10.1016/j.annepidem.2020.07.020>
- Manchado, R., Tamames, S., López González, M., Mohedano, L., D'Agostino, M. y Veiga, J. (2009). Revisión sistemática exploratoria. *Medicina y Seguridad del Trabajo*, 55(216), 12-19. <http://dx.doi.org/10.4321/S0465-546X2009000300002>
- Meyer, I. H. (2003). Prejudice, social stress, and mental health in lesbian, gay, and bisexual populations: Conceptual issues and research evidence. *Psychological Bulletin*, 129(5), 674-697. <https://doi.org/10.1037/0033-2909.129.5.674>
- Navajas-Pertegás, N. M. (2015). Una diversidad otra: mirada trans-formadora desde el trabajo social feminista. Tres historias de vidas transexuales. *Quaderns de Ciències Socials*, 30(1), 9-43. <https://roderic.uv.es/bitstream/handle/10550/54157/9-43.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
- Ochoa, E. y Vicente, N. (2007). Consideraciones sobre el suicidio: una perspectiva histórica. *Psiquiatría.com*. <https://psiquiatría.com/psiquiatría-general/consideraciones-sobre-el-suicidio-una-perspectiva-historica/>

- Operario, D. y Nemoto, T. (2005). Sexual Risk Behavior and Substance Use among a Sample of Asian Pacific Islander Transgendered Women. *Aids Education and Prevention*, 17(5), 430-443. <https://doi.org/10.1521/aeap.2005.17.5.430>
- Paceley, M. S., Sattler, P., Goffnett, J. y Jen, S. (2020). “It feels like home”: Transgender youth in the Midwest and conceptualizations of community climate. *Journal of Community Psychology*, 48(6), 1863-1881. <https://doi.org/10.1002/jcop.22378>
- Palacios, C. (2016). A autodeterminación dos menores trans, un reto dende o eido social. *Revista galega de traballo social “Fervenzas”*, 19(1), 45-54. https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas_19.pdf
- Pandey, A. K. y Seelman, K. (2022). History of Sex Work Is Associated with Increased Risk of Adverse Mental Health and Substance Use Outcomes in Transgender Adults. *International Journal of Environmental Research and Public Health*, 19(23), 1-16. <https://doi.org/10.3390/ijerph192315908>
- Pérez-Calvo, C., Ruiz-Duet, A. M., Rodríguez Riesco, L., Mateos, A. y Vivas, S. (2022). Factores de riesgo para el suicidio en población trans: una revisión bibliográfica. *RESED: Revista de Estudios Socioeducativos*, 10(1), 267-280. http://dx.doi.org/10.25267/Rev_estud_socioeducativos.2022.i10.17
- Plataforma Nacional para el Estudio y la Prevención del Suicidio (2021). Datos visuales del suicidio en España. Recuperado el 22 de febrero de 2023, <https://www.plataformanacionalsuicidio.es/mapa>
- Ramos, J. (2015). Intervención social con mayores trans. Estudio de un caso hipotético. *Trabajo Social Hoy*, 74(1), 35-58. <https://doi.org/10.12960/tsh.2015.0003>
- Real Decreto de 24 de julio de 1889 por el que se publica el Código Civil. (1889). *Gaceta de Madrid*, 206, 25 de julio. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1889-4763>
- Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Propiedad Intelectual, regularizando, aclarando y armonizando las disposiciones legales vigentes sobre la materia. (1996). *Boletín Oficial del Estado*, 97, 22 de abril. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1996-8930>
- Romanelli, M., Lu, W. y Lindsey, M. A. (2018). Examining Mechanisms and Moderators of the Relationship Between Discriminatory Health Care Encounters and

- Attempted Suicide Among U.S. Transgender Help-Seekers. *Administration and Policy in Mental Health and Mental Health Services Research*, 45(6), 831 - 849. <https://doi.org/10.1007/s10488-018-0868-8>
- Romanelli, M. y Lindsey, M. A. (2020). Patterns of Healthcare Discrimination Among Transgender Help-Seekers. *American Journal of Preventive Medicine*, 58(4), 123-131. <https://doi.org/10.1016/j.amepre.2019.11.002>
- Sarasola, J. L., Roiz, A., Sarasola, A. (2019). Trabajo Social y Suicidio. *Transformación: Revista de Trabajo Social de Sevilla*, 9(1), 10-18. <https://trabajosocialevilla.es/wp-content/uploads/2019/07/Transformaci%C3%B3n-N1.-Art%C3%ADculoPrincipal.pdf>
- Seelman, K. L. (2016). Transgender Adults' Access to College Bathrooms and Housing and the Relationship to Suicidality. *Journal of Homosexuality*, 63(10), 1378-1399. <https://doi.org/10.1080/00918369.2016.1157998>
- Seelman, K. L., Kattari, S. K., Harvey, P. y Bakko, M. (2020). Trans Men's Access to Knowledgeable Providers and Their Experiences in Health Care Settings: Differences by Demographics, Mental Health, and Degree of Being "Out" to Providers. *Health & Social Work*, 45(4), 229-239. <https://doi.org/10.1093/hsw/hlaa030>
- Staples, J. M., Neilson, E. C., Bryan, A. y George, W. H. (2018). The Role of Distal Minority Stress and Internalized Transnegativity in Suicidal Ideation and Nonsuicidal Self-Injury Among Transgender Adults. *Journal of Sex Research*, 55(4-5), 591-603. <https://doi.org/10.1080/00224499.2017.1393651>
- Tucker, R. P., Pardue-Bourgeois, S., Snow, A., Bradstreet, M. y Cerel, J. (2019). The Relationship Between Suicide-Related Exposure and Personal History of Suicidal Behavior in Transgender and Gender-Diverse Veterans. *LGBT Health*, 6(7), 335-341. <https://doi.org/10.1089/lgbt.2019.0120>
- Virupaksha, H. G., Muralidhar, D. y Ramakrishna, J. (2016). Suicide and Suicidal Behavior among Transgender Persons. *Indian Journal of Psychological Medicine*, 38(6), 505-509. <https://doi.org/10.4103%2F0253-7176.194908>
- Wolford-Clevenger, C., Flores, L. Y., Frantell, K., Smith, P. N. y Stuart, G. L. (2018). Correlates of suicide ideation and behaviors among transgender people: A systematic review guided by ideation-to-action theory. *Clinical Psychology Review*, 63(1), 93-105. <https://doi.org/10.1016/j.cpr.2018.06.009>